

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLES

D/Dª		, con NIF	
no nome e representación da entidade			
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:			
- Que a dita entidade non está incurso en ningunha das causas sinaladas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria destas axudas.			
<i>Lugar e data</i>			
, de de			
(Sinatura do/a representante da entidade solicitante)			

Cubrir só no caso de que na solicitude desta axuda non se autorizase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a comprobar que a entidade solicitante se atopa ao día do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e non ter pendente débeda coa Administración da comunidade autónoma.

D/Dª		, con NIF	
no nome e representación da entidade			
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:			
- Que nesta data se atopa ao día do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e que non ten pendente débeda con Facenda da Xunta de Galicia, o que xustificará documentalmentemente no momento no que sexa requirido.			
<i>Lugar e data</i>			
, de de			
(Sinatura do/a representante da entidade solicitante)			

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Advertidos erros na Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 39, do 26 de febreiro de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

1) Na páxina 2.495, no número 2 do artigo 23º, onde di: «... que excedan un importe de 3.000.000 €, ...», debe dicir: «... que excedan un importe de 300.000 €, ...».

2) Na páxina 2.491, antes do punto 3 «Definicións relativas á condicionalidade», insírese unha nova definición co seguinte texto: «t) Entidade asociativa agraria. Para os efectos da condición de profesional

da agricultura nas axudas integradas no contrato de explotación sustentable considéranse explotacións asociativas agrarias: as sociedades cooperativas, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes veciñais en man común e sociedades civís, laborais e mercantís, que teñen por obxecto, entre outras, a actividade agraria. Para estes mesmos efectos as comunidades de bens terán a consideración de persoas físicas».

3) Na páxina 2.496, no artigo 29º, número 1, onde di: «... e a clave persoal utilizada para a solicitude de axudas PAC 2009, ...», debe dicir: «... e a clave persoal utilizada para a solicitude de axudas PAC, ...».

4) Na páxina 2.506, no título da sección primeira, onde di: «... vacantes nutrices», debe dicir: «... vacas nutrices».

5) Na páxina 2.506, no número 2 do artigo 65º, onde di: «... do/a solicitante non exceda o 1.5 unidades de grado maior (UGM) ...», debe dicir: «... do/a solicitante non exceda as 1,5 unidades de gando maior (UGM) ...».

6) Na páxina 2.512, no número 1 do artigo 89º, onde di: «..., localizadas na explotación o 1 de

xaneiro de 2010, ...», debe dicir: «..., localizadas na explotación en 30 de abril de 2010, ...».

7) Na páxina 2.515, na letra f) do número 1.2, do artigo 95º, onde di: «..., non se poderá diminuír a superficie agraria comprometida, ...», debe dicir: «..., non se poderán intercambiar as parcelas polas que se lles concedeu a axuda, ...».

8) Na páxina 2.515, no parágrafo 2º do número 2 do artigo 95º, onde di: «... e a documentación relacionada no punto b.8 do mesmo anexo ...», debe dicir: «... e a documentación relacionada no punto b.9 do mesmo anexo ...».

9) Na páxina 2.518, no último parágrafo do artigo 108º, onde di: «Así mesmo, a gandería ecolóxica é incompatible coa prima por redución de carga gandeira do artigo 123...», debe dicir: « Así mesmo, a agricultura ecolóxica é incompatible coa prima por redución de carga gandeira do artigo 123 ...».

10) Na páxina 2.526, no parágrafo 2º do artigo 142º, onde di: «..., a media dos censos de machos e femias de bovino dos seis primeiros meses de 2010 máis o número de machos e femias de ovino e cabrún, agás os anos e cabritos e équidos ...», debe dicir: «..., a media dos censos de machos e femias de bovino de seis ou máis meses de idade, nos seis primeiros meses de 2010, máis o número de machos e femias de ovino e cabrún, agás os anos e cabritos, e os équidos ...».

11) Na páxina 2.527, a letra c) do artigo 148º queda redactada como segue: «Se a diferenza fose superior ao 50%, quedará excluído/a da axuda para o grupo de cultivo en que se detectou a irregularidade e, ademais, será sancionado/a mediante a exclusión das axudas ata un importe igual á diferenza entre a superficie declarada e a determinada con cargo ás medidas de axuda previstas no Regulamento (CE) 1698/2005 ou no Regulamento (CE) 73/2009 a que teña dereito o/a beneficiario/a polas solicitudes que presente durante os tres anos civís seguintes a aquel en que se descubra a irregularidade. Se o importe non puidese deducirse totalmente dos ditos pagamentos, cancelarase o saldo restante».

12) Na páxina 2.527, a letra d) do artigo 148º queda redactada como segue: «Se a diferenza entre a superficie declarada e a determinada é imputable a irregularidades cometidas intencionadamente, teranse en conta as seguintes consideracións:

Cando a porcentaxe sobredeclarada sexa superior ao 0,5% da superficie determinada ou a unha hectárea e menor ou igual ao 20%, o/a beneficiario/a será excluído/a da medida correspondente relacionada coa superficie durante o ano civil en cuestión.

Cando a diferenza sexa maior do 20% da superficie determinada, o/a beneficiario/a será excluído/a da medida correspondente relacionada coa superficie durante o ano civil en cuestión, e será sancionado/a cun importe igual á diferenza entre a superficie declarada e a determinada con cargo ás medidas de axuda recollidas no Regulamento (CE) 1698/2005 ou no Regulamento (CE) 73/2009 a que teña dereito durante os tres anos civís seguintes a aquel en que

se descubra a irregularidade. Se o importe non pode deducirse totalmente dos ditos pagamentos, cancelárase o saldo restante».

13) Na páxina 2.528, suprímese a letra e) do artigo 148º.

14) Na páxina 2.528, no artigo 149º, na letra a) do número 2, onde di: «... calcularanse de acordo co artigo 65 do Regulamento ...», debe dicir: «... calcularanse de acordo cos artigos 65 e 66 do Regulamento ...».

15) Na páxina 2.528, no artigo 149º, na letra c) do número 2, punto 1º a), onde di: «... sexa menor que 3 ...», debe dicir: «... sexa menor ou igual que 3 ...».

16) Na páxina 2.528, no artigo 149º, na letra c) do número 2, punto 1º b), suprímese o terceiro parágrafo.

17) Na páxina 2.528, no artigo 149º, na letra c) do número 2, suprímese o texto do punto 1º c), polo que o punto 1º d) pasa a ser o punto 1º c).

18) Na páxina 2.528, no artigo 149º, na letra c) do número 2, suprímese o terceiro parágrafo do punto 2º b).

19) Na páxina 2.537, na letra b.4 do anexo 1, no texto do punto 3.b, onde di: «Relación de socios pertencentes á sociedade ou agrupación o 1 de xaneiro de 2010», debe dicir: «Relación de socios pertencentes á sociedade ou agrupación co censo de reproductoras de ovino-cabrún de aptitude cárnica en 1 de xaneiro de 2010».

20) Na páxina 2.555, no impreso ICC do anexo 1 suprímese a sinatura do representante e a data indicadas ao final do impreso.

21) Na páxina 2.571, no impreso B do anexo 5, suprímese o terceiro punto da epígrafe de documentación e engádese un punto 4 á epígrafe de exposición co seguinte texto: «4. Autoriza ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría da Seguridade Social a certificación que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante o ano indicado».

22) Na páxina 2.573, no impreso D do anexo 5, substitúese a actual sinatura única por dúas sinaturas, unha coa antesinatura «o titular dos dereitos provisionais» e outra coa antesinatura «o novo titular».

23) Na páxina 2.582, na relación de zonas de concentración do anexo 12 cámbiase a referencia de código de zona e nome da primeira das zonas do concello de Baleira (Lugo), que pasa a ter o código 01 e a denominación Esperela e engádense dúas zonas, unha no concello de Baleira (Lugo), que ten o código de zona 03 e se denomina Fonte, e outra no concello de Allariz (Ourense) que ten o código de zona 01 e se denomina San Vitoiro.

24) Na páxina 2.592, no cadro incluído no punto 1 do anexo 22, suprímese a liña «Pastos aproveitables por un período de 2 a 6 meses».

25) Na páxina 2.596, no punto 1.b do anexo 24, onde di: «O disposto nos parágrafos 1º e 2º...», debe dicir: «O disposto nos parágrafos i e ii...».